FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

AON Empower Results®

Allianz

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

DEPORTE GALEGO

Xacobeo 21·22 Galicia

Por orde da Sra. Presidenta, teño o gusto de convocalo á reunión que se celebrará na data, hora e lugar indicados a continuación para tratar dos asuntos consignados na Orde do Día.

REUNIÓN

**ASEMBLEA ORDINARIA**

FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO
2 8 XUN. 2021
ENTRADA N.º
SAIDA N.º 579

Data: 18 de Xullo de 2021

Hora: 1ª convocatoria 16.00 horas.
2ª convocatoria 16.30 horas.

Lugar: EDIFICIO ADMINISTRATIVO
XUNTA DE GALICIA
(AUDITORIUM CASA DE CHOCOLATE)
AVDA. DA HABANA, 79-Baixo
32004 Ourense

ORDE DO DÍA

1.- Dación e aprobación de contas do exercicio de 2020. As contas estarán a disposición dos membros da Asemblea de conformidade co establecido no artigo 46 dos Estatutos.
2.- Acordo para a tempada 2021/2022 para que os Deportistas, Oficiais, e Escuderías que acrediten ter aboadas as licenzas, e non tiveran actividade deportiva, dos requisitos necesarios para que poidan ser beneficiarios, no seu caso, de compensación total ou parcial na solicitude de nova licenza sempre e cando sexan solicitudes de "Licenzas Autonómicas Exclusivas" descartándose a tódolos efectos as "Licenzas Autonómicas Estatais".
3.- Informe Asesoría Xurídica, sobre situación procesal de Don Iván Corral, cumplindo sanción administrativa de inhabilitación temporal, estando pendente de ser resolto o recurso contencioso administrativo presentado fronte a sanción administrativa no Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.
4.- Modificacións do calendario deportivo de 2021 publicado na web da F.G. de A. (http://www.fga.es/).
5.- Rogos e preguntas.
6.- Aprobación do acta se procedese.

Ourense a 28 de Xuño de 2021

FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

Asdo: Raquel Rodríguez
Secretaria Xeral

Para a adecuada organización e desenvolvemento da Asemblea Xeral da F. G. e A. que se celebrará o próximo 18 de xullo de 2021, ademais das normas de hixiene establecidas con carácter xeral polas autoridades sanitarias, elabórase o presente protocolo no que se indican as medidas de medidas de seguridade e hixiene máis importantes para a prevención do COVID 19.

**1. MEDIDAS PREVIAS Á CELEBRACIÓN DA ASEMBLEA XERAL.**

**INSCRICIÓN:** co fin de cumprir as medidas de aforo e distancia establecidas polas autoridades sanitarias, en necesaria a inscrición vía correo electrónico confirmando a asistencia á Asemblea. / sat que non estean inscritos previamente

**CERTIFICADO DE ACREDITACIÓN DE REPRESENTANTE:** é obrigatorio o envío con polo menos 48 horas de antelación á celebración da Asemblea Xeral de forma telemática ao correo electrónico fga@fga.es do certificado, no seu caso, de representación das entidades deportivas cando sexa unha persoa distinta do seu Presidente a que acuda á Asemblea e que exercerá o dereito de voz e voto, todo iso co fin de evitar esperas ou atrasos nas acreditacións dos asistentes.

**LUGAR DE CELEBRACIÓN:** a Asemblea realizarase na planta principal do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia, o que nos asegura que os asistentes á mesma poidan manter a distancia de seguridade recomendada (1,5-2 m) nos seus asentos, a cuxo efecto se sinalizarán as butacas inhabilitadas que non poderán ser ocupadas para manter a distancia social.

**RECEPCIÓN DE ASISTENTES:** durante o control de asistencia e verificación de inscricións á Asemblea, que se realizará no vestíbulo, sinalizaranse as distancias de espera entre asistentes segundo vaian accedendo. Igualmente farase no exterior do edificio procurando que a entrada sexa ordenada.

Co fin de evitar aglomeracións á entrada ao evento, recoméndase estar nas **inmediacións 15 minutos antes da hora de comezo da Asemblea.**

As persoas situadas nos controis de entrada requirirán:

- O rexistro do seu nome e apelidos.
- O uso de xel hidroalcohólico para a desinfección de mans.
- A utilización dunha máscara e, no seu caso, poñeraa á súa disposición en caso necesario.
- Tomarase a temperatura a través de termómetro dixital, de forma que todo aquel que supere os 37,30 º non poderá acceder ao evento.

**MÁSCARAS E DISTANCIAS DE SEGURIDADE:** durante toda a celebración da Asemblea recoméndase o uso de máscara. En todo momento deberase mantela distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Para ese efecto existirá sinalización nas instalacións para lembrar esta premisa. Na medida dos posible deberase evitar saír do recinto durante o desenvolvemento da Asemblea salvo por causa xustificada todo iso a fin de reducir ao máximo a mobilidade polas zonas comúns do recinto.

**ZONAS COMÚNS:** Aínda cando se extremarán as medidas de limpeza e higienización permanente das zonas comúns, recoméndase gardar unha orde no acceso aos wc/aseos de maneira que non se agrupen moitas persoas á vez nos mesmos.

**SAÍDA DO RECINTO TRAS A FINALIZACIÓN DA ASEMBLEA:** Tras a finalización da Asemblea Xeral, precederase a saír do recinto de maneira ordenada, evitando aglomeracións ou filas nos corredores, debendo levar en todo momento a máscara posta e respectar as instrucións que desde a organización déanse para o efecto.

**MEDIDAS A SEGUIR EN CASO DE PRESENTAR SÍNTOMAS DE COVID 19:** a fin de evitar o contaxio por COVID 19, toda persoa que se houber rexistrado para asistir á Asemblea Xeral que nos días previos á mesma presente calquera dos síntomas do Covid 19 ou se someteu a calquera tipo de proba ou análise que lance calquera tipo de resultado positivo de contaxio ou resultado que ofreza dúbidas sobre o mesmo, deberá absterse de asistir á mesma debendo designar a outro representante da cooperativa/ sat asociada que non presente ditos sintamos e/ou resultados.

**FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**

**Aviso de Confidencialidade:** Esta mensaxe e os seus anexos ou adxuntos contén información privilexiada ou confidencial e son de *uso exclusivo para o seu destinatario/a e dirixense exclusivamente ó seu destinatario. Queda prohibida a súa divulgación, copia e distribución a terceiros, distintos do destinatario sen a autorización expresa da Federación Galega de Automobilismo.En todo caso se Vd. non e o seu destinatario/a indicado/a, e recibiu esta mensaxe por erro, rogámoslle que nolo comunique dun xeito inmediato, por esta mesma vía e que proceda de inmediato á destruír dita información e a eliminala do seu sistema.*

**Información relativa a Tratamento de Protección de Datos. (RXPD) e (LOPDGDD):** En cumprimento da ***Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)*** en canto a normativa de Protección de Datos e tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPD), relativo á protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais, e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPD,informámoslle que calqueira dos datos recabados por este medio ou por calquer outro que Vd. nos facilite, será incorporado a un ***Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión da Federación Galega de Automobilismo (Responsable de Tratamento),*** e que o tratamento dos seus datos farémolo co único fin de xestionar o servizo solicitado e únicamente para xestión e trámite do seu expediente. No tratamento dos seus datos, aplicaremos a normativa de protección de datos e as políticas de seguridade que establece o Esquema Nacional de Seguridade. Se vostede desexa acadar máis información en canto o tratamento de datos, o xeito de informar establecémolo por capas e poñemos a súa disposición un cadro informativo do tratamento de datos que pode consultar en http://www.fga.es/ ou pode acadar dita información nas dependenzas de esta entidade. Lembre que pode exercer calqueira dos seús dereitos: **solicitar confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a oporse o seu tratamento e solicitar a limitación de éste. Tamén se considera que os seus dereitos non son atendidos** pode presentar reclamacións ante a **Autoridade de Control** https://www.aepd.es/, dirixindo a solicitude ó Responsable do Tratamento, no seguinte enderezo: **Ctra. de Vigo, 43 Bajo, 32001 O Pino (Ourense)**, ou dirixíndo e-mail a: fga@fga.es. As solicitudes deberán ser dirixidas á **Delegada de Protección Datos**, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.